

ACTIVIDADES DE VERAN



**CONCELLO
DE FRADES**

2024

PISCINA MUNICIPAL



HORARIO PISCINA De luns a venres de 15:30 a 21:00h.

Sábado e domingo de 14:00 a 21:00h.

Entrada gratuíta. Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

XULLO

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN/CONCILIACIÓN

Datas: Do 25 de xuño ata o 6 de setembro.

Horario: De 9:00 a 14:00 h.

A hora de entrada será dende as 9:00 ás 9:30 e a hora de saída dende as 13:30 ata as 14:00.

Idades: Nenos/as de 3 anos (escolarizados/as) ata 16 anos.

Lugar(es): CPI de Ponte Carreira e instalacións municipais (piscina, campo de fútbol, pavillón...).

Actividades: Xogos, obradoiros, festas, senderismo, piscina, actividades deportivas, talleres de ciencia, cociña, xardinaría, etc...

Quendas e prezos:

1ª quenda (Do 25-28 de xuño): 4€

2ª quenda (1ª quincena de xullo): 10€

3ª quenda (2ª quincena de xullo): 10€

4ª quenda (1ª quincena de agosto): 10€

5ª quenda (2ª quincena de agosto): 10€

6ª quenda (Do 2 ao 6 de setembro): 5€

Desconto do 20% para o 2º irmán e 50 % familia numerosa

Tempo mínimo de inscrición: 15 días (1 Quenda).

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

- Os nenos/as escolarizados/as no CPI Ponte Carreira son considerados/as empadroados/as a todos os efectos.

No caso de ter adxudicada unha praza e non asistir sen causa xustificada, penalizarase para vindeiros campamentos.

XOVES DE PRAIA

Días: 4, 11, 18 e mércores 24

Lugar: Praia de Barraña (Boiro)

Prezo: 8€ por día

Nenos/as ata 12 anos (incluídos) 6€ por día.

*Poderase reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída, soamente os empadroados no Concello de Frades.

Os non empadroados NON poderán reservar meses completos.

Obrigatorio o pago en conta bancaria.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída ás 10:00h dende A Grabanxa.

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

Prazas limitadas (1 bus).





ACTUACIÓN DE "MAGIC MATEO SHOW"

Data: 25 de xullo.

Lugar: Campo da festa de Galegos.

Horario: 19:30 h.

Anotacións ata o 21 de xullo.

EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA

Día: Venres 26 de xullo

Prezo: 0 a 4 anos gratuíto, resto 8€.

Horario: Saída do Concello ás 13:00 h e volta ás 20:00 h. da tarde (levar comida).

Actividade para todas as idades.

Imprescindible anotarse no Concello antes do 22 de xullo.

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades



CAMPIONATO DE PESCA INFANTIL

Día: Sábado 27 de xullo.

Lugar: Área recreativa da piscina municipal de Frades.

Hora: A partir das 10:00 h.

Idades: Menores de 16 anos. Os/as menores terán que ir acompañados/as por unha persoa adulta. Os/as participantes deberán ir provistos de cana e cebo.

*Actividade gratuíta. Entrega de agasallos aos/ás participantes e merenda.

Anotarse no Concello antes do 22 de xullo.



DIA DO NENO

Día: Sábado 27 de xullo.

Lugar: Piscina municipal de Frades.

Horario: A partir das 16:00 h.

Actividades: Tren turístico, xogos populares, inchables variados, merenda, e outras actividades.

Ás 18:00 h. Espectáculo a cargo de "Paiaso Popin" coa actuación "Popin facendo das súas" un espectáculo familiar cargado de humor.

É imprescindible anotarse no Concello antes do día 22 de xullo.

Actividade gratuíta.



AGOSTO

XOVES DE PRAIA

Días: 1, 8, mércores 14, 22 e 29 de agosto

Lugar: Praia de Barraña (Boiro)

Prezo: 8€ por día

Nenos/as ata 12 anos (incluídos) 6€ por día.

*Poderase reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída, soamente os empadroados no Concello de Frades.

Os non empadroados NON poderán reservar meses completos.

Obrigatorio o pago en conta bancaria.

O percorrido do bus será o de anos anteriores. Saída ás 10:00h dende A Grabanxa.

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

Prazas limitadas (1 bus).



NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "AINBO LA GUERRERA DEL AMAZONAS"

Día: venres 2 de agosto.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades. (En caso de choiva aprazarase)

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.

Prazas limitadas.



RUTA DE SENDEIRISMO OS PASOS DE AIAZO

Data: Sábado 3 de agosto.

Horario: De mañá.

Lugar: Área recreativa Os Pasos de Aiazo.

*Actividade gratuíta con sorpresas para os/as participantes.

Para todas as idades.

Os interesados/as en participar poñerse en contacto cos organizadores:
Directiva da asociación de veciños "Os Pasos de Aiazo".

Colabora



NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "DCLIGA DE SUPERMASCOTAS"

Día: Venres 9 de agosto

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 h.

Actividade gratuíta. Para todas as idades. (En caso de choiva aprazarase)

É imprescindible anotarse no Concello antes dese día.



EXCURSIÓN A VILAGARCÍA, CAMBADOS, A TOXA, E VIAXE EN CATAMARÁN POLA RÍA DE AROUSA

Data: Sábado 10 de agosto

Horario: Saída do Concello ás 9:00 h.

Programación: Pola mañá visitaremos a feira de Vilagarcía, logo xantar "especial" en Cambados e pola tarde visita o miradoiro de Siradella, A Toxa e fin do día con unha ruta guiada en catamarán pola ría de Arousa onde disfrutaremos dunha degustación de mexillóns e viño.

Prezo: 50€ adultos/as. 45€ menores de 12 anos.

Anotacións no concello antes do venres 26 de xullo. Prazas limitadas (58 prazas/1 autobús)

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades.

O pago realizarase no autobús o mesmo día da excursión á empresa organizadora.

Colabora:



Excursiones
Miranda



MARATÓN DE FÚTBOL 7

Día: Domingo 11 de agosto.

Lugar: Campo de Fútbol de Abellá (O Vedral)

Horario: A partir das 10:00 h.

Inscripción: Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 5 de agosto.

Configuración do torneo:

- Terá que haber un mínimo de equipos para a súa elaboración.
 - Preferencia equipos coa maioría de xogadores empadroados en Frades.
- Haberá premios para os catro primeiros clasificados.



FESTA DA AUGA

Data: Sábado 31 de agosto.

Lugar: Piscina municipal de Frades

Horario: A partir das 16:00 h.

Actividades: Inchables acuáticos, festa da escuma e outras sorpresas.

Ás 18:00h Espectáculo "A utopía rodante, de Vilatriste e Vilalegre"

É imprescindible anotarse no Concello antes do venres 23 de agosto.

Actividade gratuíta.

CAMPIONATO DE PÁDEL

Duración: Sábado 31 de agosto

Lugar: Piscina municipal

Horario: A partir das 16:00h

Inscripción: Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 23 de agosto.

Premios especiais para os finalistas.



SETEMBRO E OUTUBRO

III Festa Rural

CONCELLO DE FRADES • Praza de Ponte Carreira

Días: 21 e 22 de setembro.

Lugar: Praza de Ponte Carreira.

Avance de programación: Mercado de Artesanía - Exposicións variadas (etnografía e outras), Música da terra, festival folclórico e xantar popular. Actividades para os máis cativos.

EXCURSIÓN DE 6 DÍAS á Comunidade Valenciana

Data: do 13 ao 18 de outubro.

Prezo: 485€ en habitación dobre (habitación individual 600€).

Programación:

Día 13: Saída con comida en ruta e chegada a última hora da tarde ao Hotel en **Gandía**. Reparto de habitacións e cea.

Día 14: Paseo en barca pola **Albufera** e comida da famosa paella valenciana. Pola tarde visita con guía local pola cidade de **Valencia**.

Día 15: Visita ao maior acuario de Europa con entrada incluída ao **Oceanográfico de Valencia** e tamén disfrutaremos do complexo da **cidade das artes e as ciencias**.

Día 16: Pola mañá visita a cidade de **Denia**, comida no hotel e pola tarde visita a cidade de **Benidorm**.

Día 17: Día libre por Gandía.

Día 18: Almorzo, comida en ruta e fin do viaxe.

Anotacións no concello dende o luns 29 de Xullo ata o venres 6 de Setembro

Reserva do n.º de asento e praza por orde de inscrición.

Prazas limitadas (30 prazas por concello). A excursión realizarase xunto co concello de Oroso

Preferencia empadroados/as no Concello de Frades e de Oroso.

O pago realizarase unha vez este confirmada a excursión ao finalizar o prazo de anotacións. Poderase pagar no n.º de conta da empresa organizadora ou directamente ao personal de dita empresa antes de iniciar a viaxe.

Organiza:



Excursiones
Miranda

Colabora:



CONCELLO DE FRADES



CONCELLO DE OROSO

CURSO DE NATACIÓN

Data: Comezo o luns 8 de xullo e remata o venres 30 de agosto.

Lugar: Piscina Municipal de Papucín

Prezos: Nenos/as maiores de 4 anos: 25€

Adultos/as (maiores de idade): 35€

Horarios: *Nenos/as de iniciación:* Martes e xoves: Grupo 1: de 14:00 a 14:30h
Grupo 2: de 14:30 a 15:00h
Grupo 3: de 15:00 a 15:30h.

Perfeccionamento:

Adultos/as: Luns, mércores e venres de 14:00 a 14:45h

Nenos/as: Luns, mércores e venres de 14:45 a 15:30h.

O pago realizarase no banco. Necesario xuntar un grupo mínimo

Anotacións ata o mércores 3 de xullo.

CURSO DE PILATES DE VERÁN

Duración: meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios:

Pavillón de Ponte Carreira: Luns de 20:15 a 21:15 e Mércores de 19:45 a 20:45

Edificio Multiusos do Concello de Frades: Martes de 18:30 a 19:30

Local Social de Añá: Martes de 17:15 a 18:15

Pazo de Galegos: Mércores de 19:00 a 20:00

Comezo: semana do 8 de xullo

Prezo: 25€ curso completo (1 día por semana)

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 3 de xullo.

CURSO DE ZUMBA DE VERÁN

Duración: meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios: Local Social de Aiazo: Luns de 21:30 a 22:30

Comezo: O luns 8 de xullo

Prezo: 25€ curso completo

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 3 de xullo.

CURSO DE PÁDEL DE VERÁN ADULTOS/INFANTIL

Duración: meses de xullo e agosto.

Lugares e horarios: Pavillón de Abellá

Horario: Nenos/as: luns de 19:10 a 20:00h.

Adultos/as: Martes de 21:00 a 22:00h

Comezo: Luns 8 de xullo

Prezo: 25€ curso completo

Grupo mínimo 12 persoas. Anotacións no Concello de Frades antes do 3 de xullo.

CURSO TER EN CONTA

(FORMACIÓN PARA COIDAR E COIDARSE)

Formación para persoas con maiores ou dependentes ao seu coidado. Técnicas para mobilizar aos pacientes, recursos de axudas para tratar de reducir o estrés e a soidade das persoas coidadoras, que terán aquí un foro no que compartir experiencias.

Horarios: Xullo: os mércores 3, 17 e 31

Agosto: os mércores 14 e 28

Setembro: o mércores 11

Lugar: Multiusos de Frades

Anotacións: Concello de Frades servizos sociais): 981695567 ou no Cim (Centro de información a muller) da Mancomunidade: 981682108

Actividade gratuita impartida pola Asociación Andaina Pro Saúde Mental

Organiza:



CURSO @S NOS@S MAIORES MELLOR ACOMPAÑAD@S

Formación de novas tecnoloxías para @s nos@s maiores.

Aprender a manexar o teléfono móbil e os ordenadores para realizar xestións básicas a través de internet: solicitar citas médicas, caixeiros automáticos, App sergas, etc..

Iniciativa gratuíta para que as persoas maiores de Frades teñan un envellecemento activo mediante a súa socialización e dixitalización.

Horarios: Os venres de xullo: 5, 12, 19 e 26 de 10:00h a 12:30h.

Lugar: Multiusos de Frades

Anotacións: no concello de Frades ou no 981 69 55 67

Imparte: Fundación amigos de Galicia



CHARLA-OBRADEIRO como compostar

Lugar: Multiusos de Frades

Día: 19 de Setembro

Hora: 17:00h

Entrega de composteiros a todos aqueles veciños de Frades que o soliciten con anterioridade

Data límite para anotarse e solicitar o composteiro: 13 de Setembro



NOTAS RECORDATORIAS

PUNTO LIMPO DE FRADES-MESÍA



RECEPCIÓN DO RESIDUO:
MÉRCORES De 16:00 a 20:00
SÁBADO De 12:00 a 16:00

Teléfono Punto Limpo
Teléfono Concello

Frades 981 695 567
Mesía 981 687 001

Correo electrónico

Frades correo@frades.gal
Mesía correo@concellodemesia.gal

Un Punto Limpo é unha instalación cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de especiais características.

Estas instalación teñen como obxectivo fundamental poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos).

No Punto Limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior, favorecendo a protección e mellora do Medio Ambiente.

NORMAS DE UTILIZACIÓN:

- Os usuarios son exclusivamente os cidadáns particulares do Concello de Frades e de Mesía. (poderase exixir a presentación do DNI).
- Queda prohibida a entrada a empresas que pretendan depositar residuos procedentes da súa actividade principal (salvo que contén coa autorización previa do Concello).
- Só se poderá acceder ao Punto Limpo para depositar residuos, non para outros fins.
- En todo intre o usuario deberá seguir as indicacións do operario xa que é o encargado do correcto depósito dos residuos entrantes e do estado xeral da instalación.
- Prohíbese abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do Punto Limpo.

PROHÍBESE A ENTRADA DE RESIDUOS DE ORIXE INDUSTRIAL

RESIDUOS ADMISIBLES: (Art. 6 e art. 8 do regulamento do funcionamento do punto limpo)

 PAPEL E CARTÓN MÁX. 20 KG.	 VIDRO MÁX. 20 KG.	 ESCOMBROS MÁX. 25 KG.	 MADEIRAS MÁX. 25 KG OU 1 MOBLE	 PLÁSTICOS MÁX. 25 KG.	 VOLUMINOSOS (colchóns, sofás) MÁX. 1 UD.
 ELECTRODOMÉSTICOS MÁX. 2 UDS.	 FRIGORÍFICOS MÁX. 1 UD.	 ACEITE DE MOTOR MÁX. 5 L.	 ACEITE VEXETAL MÁX. 5 L.	 AEROSOIS MÁX 10 UDS.	 PINTURAS MÁX. 1 KG.
 PLÁSTICOS DE SIRO MÁX. 1 M ³	 FLUORESCENTES MÁX. 3 UD.	 PILAS MÁX. 5 KG.	* Para outros residuos consultar ao operario		RESIDUOS NON ADMISIBLES: Residuos industriais de empresa Basura orgánica Neumáticos fora de uso Residuos fitosanitarios
					Bombonas Extintores Uralita de amianto Residuos radioactivos Medicamentos Mercurio e plomo




Concello de Frades



Concello de Mesía

ORGANIZACIÓN PUNTO MÓVIL POR PARROQUIAS (FRADES)

DATAS	FRADES	
	Parroquia	Ubicación
22/08/2024 a 03/09/2024	Gafoi	Praza
05/09/2024 a 17/09/2024	Aiazo	Aparcadoiro Igrexa
19/09/2024 a 01/10/2024	Moar	Igrexa
03/10/2024 a 15/10/2024	Galegos	Igrexa
17/10/2024 a 29/10/2024	Frades	Aparcadoiro Igrexa
31/10/2024 a 12/11/2024	Abellá	Pavillón
14/11/2024 a 26/11/2024	Ledoira	Local Social
28/11/2024 a 10/12/2024	Céltigos	Local Social
27/06/2024 a 09/07/2024; 12/12/2024 a 24/12/2024	Añá	Praza
11/07/2024 a 23/07/2024; 26/12/2024 a 7/01/2025	Vitre	Local Social
26/07/2024 a 06/08/2024	Papucín	Igrexa
08/08/2024 a 20/08/2024	Mesos	Praza



CONCELLOS



Concello de Frades



Concello de Mesía



ÓNDE?

Irá rotando por todas as parroquias



QUÉ?

BOTES DE PINTURA/
VERNIZES DISOLVENTE

TUBOS
FLORESCENTES

BATERÍAS

PEQUENOS
ELECTRODOMÉSTICOS

CARTUCHOS
DE TINTA

BOMBILLAS DE BAIKO CONSUMO

ACEITES VEGETAIS
(DE BOTELLAS DE PLÁSTICO E PERSIÑAS)

PILAS DE BOTÓN

PILAS ALCALINAS

OUTRAS PILAS

ACEITES
MINERAIS

CALZADO

TELÉFONOS
MÓBILES

AEROSOIS



CONTACTO



Concello de Frades

981 69 55 67



Concello de Mesía


981 68 70 01



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Linha manexira de facer Europa"



Xacobeo 21-22



MEDIOAMBIENTE

RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

A recollida faise os primeiros mércores de cada mes.

Tipo de residuos que se poden depositar: Ferros, electrodomésticos, mobles, colchóns...

PROHIBIDO: pneumáticos, entullo e restos de obras (sanitarios), baterías, cristais... Estes residuos débense xestionar con empresas especializadas (nos lugares de compra ou coas empresas que realizan as obras).

Nota importante: Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

Deben depositalos no punto limpo. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

Nota importante: Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello.

XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas... Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

COLECTORES DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL DE USO DOMÉSTICO

Existe un colector para a recollida de aceite de uso doméstico en todas as parroquias do concello e dous nas parroquias de Abellá e de Gafoi..

COLECTOR DE ROUPA E CALZADO

Existen tres colectores de recollida de roupa e calzado. Están situados na praza do Concello, na praza de Ponte Carreira e xunto ao campo de fútbol de Abellá.

SEPARACIÓN DE REFUGALLO

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin.

(Azul para cartón, amarelo para envases de plástico e iglú verde para o vidro).

VERTEDOIRO S ILEGAIS:

Estanse detectando varios vertedoiros ilegais no noso concello, tanto en leiras públicas como en privadas. Recordamos á veciñanza que está totalmente prohibido depositar residuos de calquera tipo nestes lugares. Estes actos pónense en coñecemento das autoridades competentes (Seprona e Garda Civil), que se encargan de buscar aos culpables e de xestionar as infraccións e as correspondentes sancións económicas.

ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as escorrentías das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuadas nas entradas das leiras.

Tamén queremos recordar que se deben gardar as distancias adecuadas ás pistas municipais sen invadir as cunetas destas cando se realicen labores agrícolas ou forestais, así como solicitar os correspondentes permisos no concello cando se realicen cerrados ou valados nas leiras particulares.

DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS

Informamos á veciñanza que segundo o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie da que se trate, son as seguintes:

	FRONDOSAS (ameneiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras..)	RESTO DE ESPECIES (eucaliptos, piñeiros, acacias..)
Estradasconvencionais Nacional N-634 (Santiago – Curtis) Estrada autonómica AG-524 (Ordes- Lanzá) Estradasprovinciais DP-3801, DP-3802 (Ordes- Ponte Carreira e Frades – Sgüeiro)	4 metros	10 metros
Pistaslocaise forestaismunicipais	2 metros	4 metros
Vivendas, solo urbano, núdeos rurais	15 metros	50 metros

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabia. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como o pago dunha multa sancionadora.

FEIRAS EN FRADES

PONTE CARREIRA:

12 e 26 de cada mes

ABELLÁ:

1º VENRES de cada mes

REQUISITOS XERAIS DAS ACTIVIDADES

- * SEMPRE TERÁN PREFERENCIA AS PERSOAS EMPADROADAS EN FRADES.
- * NO CASO DE NON XUNTARSE GRUPO, AS ACTIVIDADES PODERÁN SER CANCELADAS.
- * COMO NORMAL XERAL A ACTIVIDADE DEBERÁ ESTAR PAGADA ANTES DO SEU COMEZO.
- * HABERÁ QUE ANOTARSE NO CONCELLO PARA TODAS AS ACTIVIDADES CON ANTELACIÓN.
- * MÁIS INFORMACIÓN SOBRE DESCONTOS, EXECCIÓNS E BONIFICACIÓNS NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE FRADES.
- * O PAGO DE TODAS AS ACTIVIDADES FARASE A TRAVÉS DO NÚMERO DE CONTA:

ES36 0049 2722 31 2914050280 BANCO SANTANDER

Pasos a seguir:

1. Pago mediante ingreso ou transferencia no número de conta arriba indicado, poñendo no concepto a actividade que se vai realizar e o nome do/a participante.

2. A solicitude de inscrición na actividade pode facerse de dúas formas:

A- Presencialmente no Concello de Frades aportando os seguintes documentos:

Solicitude e xustificante de pago da actividade.

B- Por interne na páxina web do Concello: www.frades.gal - sede electrónica - actividades culturais e deportivas - solicitude de inscrición en aula de actividades aportando o seguinte documento: xustificante de pago da actividade.

ORGANIZA:



CONCELLO
DE FRADES

COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



XUNTA
DE GALICIA | CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



www.concellodefrades.gal 

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS
NO CONCELLO DE FRADES

981 695 567 - 981 695 663